

## **RASA BIVEINIENE**

Pianista, profesora de Piano, natural de Kaunas (Lituania) comeza os seus estudos na escola especial de Música e Belas Artes J. Naujalis, onde estuda durante 12 años, acabando todas as materias con Matrícula de Honra. Continua os seus estudos na Academia Nacional de Música e Teatro de Lituania (Vilnius), onde estuda piano coa prestixiosa profesora O. Steinberg, exalumna de G. Neigamius e J. Zak (Conservatorio de Moscú).

Perfecciona os seus estudos como solista, pianista acompañante e pianista de Música de Cámara en varios Conservatorios Superiores de Europa: Alemaña, Rusia, Dinamarca, Polonia...

Está invitada a ocupar unha praza de Profesora nas Cátedras (Departamentos) de Piano e Concertmeister (Acompañamento).

Como solista, ou membro de varias agrupacións de cámara, actúa nos principais auditorios e salas de Rusia, Polonia, Holanda, Grecia, Alemaña, España, República Checa, Estonia, Letonia...

O seu amplo repertorio abarca obras musicais desde Barroco hasta o século XXI. Existen máis de 60 gravacións da pianista nos arquivos de Radio Nacional de Lituania, Rusia, Polonia, Letonia...

Por os seus proxectos musicais a pianista foi galardoada polo Ministerio de Cultura de Lituania. A partir do ano 2000 a pianista reside en España, continuando a súa actividade concertista e involucrase en diversos proxectos musicais formando parte de varias agrupacións de Música de Cámara, de Lied, opera, proxectos de Jazz.

A partir do 2006 a pianista é profesora de Piano no Conservatorio Superior de Música de Vigo e comparte a súa labor pedagóxica con participación como membro do xurado en varios Concursos Nacionais e Internacionais de Piano, participa en conferencias e seminarios Internacionais, colabora e imparte clases maxistras en varios países como Italia, Austria, Alemaña, Finlandia, Lituania, Rusia, Bélxica, Dinamarca...

Varios alumnos da clase da profesora R. Biveiniene Jakutyte do Conservatorio Superior de Música de Vigo son gañadores dos Concursos Nacionais e Internacionais de Piano, actúan constantemente en varios Festivais en Portugal, Lituania, España, Italia e colaboran con orquestras sinfónicas.

No ano 2011 polas súas labores musicais R. Biveiniene Jakutyte foi nomeada "Galega Distinguida".

## **SERGIO HEREDIA**

Recoñecido violinista de gran son, gran presenza en escena e moita musicalidade e experiencia, a escritora Fina Casalderey le dedicalle estas verbas: "É quen de transformar o vento en brisa e a brisa en música de agarimo na alma".

Fórmasse en España con Unnur Palsdottir e Yuri Nasushkin, e máis en Rusia coa excelente pedagoga Tatiana Liberova. Estende a súa formación con concertinos das mellores orquestras de España e Rusia.

Como solista tocou coa "Orquesta de Jóvenes de la Región de Murcia", a Orquesta Filarmónica Cidade de Pontevedra, a Sinfonietta de Vigo, a Banda Municipal de Música de A Coruña e a Banda de Música de Pontevedra en salas coma o Pazo da Ópera da Coruña, o Auditorio de Galicia, o Auditorio da Rexión de Murcia e o Pazo da Cultura de Pontevedra gravando en CD e para TVE2, Radio2 e RG.

En dirección de orquestra recibiu clases maxistras de Arjan Tien na Fontys Hogeschool voor de kunsten (Países Baixos). Ten dirixido no Festival Musika-música de Bilbao, no Festival Internacional de Música de Gaia (Portugal) e foi invitado a pechar a Gala dos I Premios Galegos da Música, emitida por TVG2. Ten gravada ademais para RG "Cantigas de Mar" de R. Groba coa orquestra e coro do Conservatorio "Manuel Quiroga" e máis o coro infantil "Luis García Limeses".

No eido do cine, encarnou ao célebre violinista Manuel Quiroga na película "Castelao. De chumbo a verba".

Profesor actualmente de violín e orquestra no Conservatorio "Manuel Quiroga" de Pontevedra, e anteriormente no Conservatorio Superior de Vigo, foi invitado a impartir clases e cursos no Conservatorio "Cristobal Halffter" de Ponferrada, no Espazo de Cámara da Universidade de Santiago e no Conservatorio de Cambados. Alumnos seus foron galardoados en diferentes edicións do Concurso de Violín Cidade de Vigo.

## PROGRAMA

SONATA PARA PIANO E VIOLÍN EN SOL MAIOR, K. 379.....W.A.MOZART

-Adagio-Allegro

-Tema e variazioni: Andantino cantabile-Adagio-Allegretto

"MEDITACIÓN" DA ÓPERA "THAIS".....J. MASSENET

SONATA Nº1 EN LA MAIOR PARA VIOLÍN E PIANO, OP.13.....G. FAURÉ

- Allegro molto

- Andante

- Allegro vivo

- Allegro quasi presto

CANTABILE.....N. PAGANINI

LIEBESLEID.....F. KREISLER